



VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ • SHOPPING

Nadal 2010

Bases

1. Poderán participar no *VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping, Nadal 2010* todos os establecementos comerciais de Compostela que contén coas licenzas pertinentes e non estean incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

2. As inscricións formalizaranse por escrito enviando o formulario adxunto por fax ao 981543193 ou solicitando a súa inclusión por medio dun correo electrónico no que se cumplimenten os mesmos datos e que se enviará a inscricionspe@santiagodecompostela.org

3. A inscrición é de balde.

4. A data tope de inscribirse será o día **15 de decembro de 2010**.

5. As datas de exhibición dos escaparates estarán comprendidas entre o día 16 e o 20 de decembro de 2010.

6. Os escaparates que participen no Concurso deberán estar identificados cun distintivo que achegará a organización e permanecerán iluminados ate as 23 h. Os escaparates que non se atopen instalados no momento da visita valorativa quedarán excluídos do concurso.

A organización poderá establecer exencións a esta norma xustificadas por motivos de seguridade que esixan a retirada da mercadería exposta nos escaparates.

7. Os motivos dos escaparates terán tema libre e os seus deseñadores terán completa liberdade para elixir as técnicas, materiais e estilos expositivos.

8. O xurado está composto por unha representación das seguintes entidades: Concellaría de Promoción Económica e Comercio (con voz pero sen voto), Cámara de Comercio, Asociacións de comerciantes da cidade - Agrupación de comerciantes de Santiago, Fundación Santiago Centro

Área Comercial, e Asociación de empresarios e profesionais Compostela Monumental -, Euroconsumo Galicia, El Correo Gallego, e un profesional independente do sector do interiorismo e a decoración.

9. O xurado valorará especialmente a orixinalidade, ambientación e eficacia da mensaxe publicitaria atendendo ás condicións da contorna dos establecementos.

10. O *VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping, Nadal 2010* terá como premios unha campaña publicitaria en distintos medios de comunicación local para cada un dos premiados valorada en 4.000 euros (1º premio), 3.000 euros (2º premio) e 2.100 euros (3º premio).

11. O prazo de execución dos premios será de dous meses desde o día seguinte á súa notificación. A non execución do premio no prazo indicado, por causas imputables aos gañadores, implicará a revogación do premio inicialmente concedido.

12. O fallo do xurado comunicarase aos premiados de cara a que acheguen nun prazo de cinco días naturais as licenzas de apertura e/ou actividade correspondentes así como certificado de non ter débedas con facenda e a seguridade social (1º premio) ou declaración responsable ao respecto (2º ou 3º premio).

13. Os distintos formatos promocionais en que consisten os premios deberán indicar o patrocinio da Concellaría de Promoción Económica e Comercio do Concello de Santiago con indicación do concepto en virtude do cal se emite, é dicir, pola súa condición de gañador no Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping.

14. A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases e das decisións que adopte o xurado en aqueles aspectos non previstos.

* Consultar as bases íntegras do concurso en www.maiscompostela.org



VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ • SHOPPING

Nadal 2010

Para inscribirse envíe este boletín ao fax 981 54 31 93 ou remita un correo electrónico no que consten os mesmos datos a: inscricionspe@santiagodecompostela.org

BOLETÍN DE INSCRIÓN

Estabelecemento _____ Sector _____

Nome e apelidos do propietario _____

Enderezo _____

Teléfono _____ Fax _____ Correo Electrónico _____

Marque o cadro se desexa recibir información sobre outros programas, concursos e convocatorias da Concellaría de Promoción Económica

Declaro que (razón social do estabelecemento participante) posúe as licenzas pertinentes e non está incuso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Asdo

Confirmo a participación do estabelecemento
no VII Concurso Municipal de Escaparatismo
SCQ • Shopping e accepto as súas bases.